

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

MATERIA:

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

CURSO: 4º ESO

CENTRO:

CPI PLURILINGÜE DE FONTE-DÍAZ

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	3
2. Avaliación e cualificación.....	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....	6
4. Información e publicidade.....	7

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñece as diferencias entre os sistemas analóxicos e dixitais, así como o sistema de numeración binario e as operacións básicas que poidan realizarse con él.	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
Coñece o funcionamento do ordenador e os seus procesos básicos.	Administra o equipo con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
Recoñece os distintos compoñentes do ordenador e as súas funcións.	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun ordenador, as súas características técnicas e o seu conexionado.
Accede de forma autónoma a Internet, distinguindo as posibles tecnoloxías dispoñibles para iso e utiliza o software preciso para logralo.	Explica con rigor que é Internet.
Manexa con autonomía e destreza un editor de texto de software libre e utilízao para dar formato a textos escritos.	Sabe dar formato a un documento de texto cun editor de texto de software libre.
Coñecemento o manexo básico dunha folla de cálculo.	Sabe resolver operacións básicas nunha folla de cálculo.
Coñecemento e manexo das opcións básicas dunha presentación con software libre.	Crea presentacións empregando software libre.
Coñece os diferentes tipos de licencias de publicación e practica actitudes responsables no seu uso.	Distingue entre os diferentes tipos de licencias de publicación.
Fai uso dalgunha das plataformas empregadas para almacenar arquivos na nube, como Dropbox.	Define con precisión o que se entende por «a nube» no contexto de redes informáticas e manexa Dropbox con precisión.
Distingue os distintos grupos nos que poden clasificarse as medidas de seguridade e as posibles ameazas.	Coñece cales son os obxectos de protección nun sistema informático e comprende cales son os axentes contra os que hai que protexelo.
Valora a pegada dixital que se deixa na utilización de Internet, e procura controlala dacordo a criterios obxectivos de seguridade e privacidade.	Coñece o concepto de pegada dixital e a importancia de seguir un protocolo seguro no acceso á rede.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

- A avaliación será o resultado da corrección das actividades realizadas, tanto no seu resultado final como no proceso de realización.

AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES:

O seguimento do proceso de realización rexístrase de forma continua.

Na 1ª e 2ª avaliación cada actividade e o seu proceso de realización será valorada segundo os seguintes criterios xerais:

- Adecuación as normas que rixen o uso correcto das TIC: ata un 20%.
- Lóxica aplicada ao proceso de realización dos exercicios: ata un 20%
- Corrección procedimental, técnica e instrumental na realización das tarefas: ata un 20%.
- Capacidade de traballo individual e/ou en equipo: ata un 20%.
- Adecuación a temporalización prevista: ata un 20%.

A 3ª avaliación terá un carácter diagnóstico e flexible. As actividades irán encamiñadas a repasar, reforzar e recuperar os contidos das dúas primeiras avaliacións.

Na avaliación das actividades valorarase:

- Lóxica aplicada ao proceso de realización dos exercicios: ata un 20%.
- Corrección procedimental, técnica e instrumental na realización das tarefas: ata un 20%.
- Interés, esforzo e participación: ata un 30%.
- Adecuación á temporalización prevista: ata un 30%.

Instrumentos:

- Observación nas distintas fases do proceso de planificación, realización e entrega das actividades.
- Rexistro dos procesos e temporalización dos mesmos.
- Análise e corrección dos procedementos e resolución das actividades.

Cualificación final	<p>A nota final de cada alumno ou alumna en xuño será a media das dúas primeiras avaliacións, con redondeo á alza para valores decimais superiores a 0.5 , e despois de valorar as actividades de recuperación realizadas no 3º trimestre. A esa nota sumaráselle o resultado das actividades de reforzo e repaso realizadas no último trimestre que poden sumar ata 0´5 puntos cada unha á media das dúas primeiras avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Para a promoción na materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o alumno/a deberá acadar a final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 na 1ª e na 2ª avaliación. No caso de que o alumno/a non acadese ese resultado, deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro que constará de dúas partes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentación de actividades relacionadas coa/s avaliación/s non superada/s. 2. Proba presencial específica, no caso de poder realizarse, relacionada coa/s avaliación/s non superada/s. <p>A cualificación será a media dos resultados de ambas partes, sendo necesario acadar unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes para superar a materia.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

Actividades	As actividades previstas son actividades de recuperación, repaso e reforzo baseadas nos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none">• Comunicación co alumnado en xeral e proposta de actividades para o 3º trimestre.• Unha vez establecida a comunicación individual por parte do alumnado, defínense as pautas para que cada alumno ou alumna poida realizar as actividades de recuperación, repaso ou reforzo que se adapten as súas necesidades e circunstancias.• Proceso de realización das actividades por parte do alumnado, co asesoramento do profesorado.• Entrega de actividades e avaliación das mesmas.
Materiais e recursos	A comunicación realízase a través da páxina web do centro e o correo electrónico, o que permite o intercambio recíproco de información e arquivos de xeito personalizado e cun baixo requerimento de medios tecnolóxicos.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O procedemento empregado preferentemente é a web do centro e o correo electrónico.
Publicidade	A publicidade realízase a través da web do centro.